



CONCELLO DE REDONDELA



MORATORIA DE ALUGUERES para consumidores, familias, colectivos vulnerables e especialmente vulnerables.

Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo <https://www.boe.es/boe/dias/2020/04/01/>
Consumidor vulnerable ,artigos 3,4 do RD 897/2017 <https://www.boe.es/eli/es/rd/2017/10/06/897>

MEDIDAS

1. SUSPENSIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS.

Durante seis meses desde a entrada en vigor do Estado de Alarma mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

2. RENOVACIÓN DE CONTRATOS DE ALUGUER.

a) Cando o arrendador sexa un **GRAN PROPIETARIO** (quen posúa máis de dez inmobles) , tanto público como privado.

* **Renovación automática dos contratos de aluguer que venzan nos tres meses seguintes á entrada en vigor deste RD-lei . (02.04.2020)**

- A prórroga será de **seis meses** cos mesmos termos e condicións do contrato en vigor.
- A moratoria no pago da renda **prolongarase mentres dure o estado de alarma ou mentres persista situación de vulnerabilidade, cun máximo de catro meses.**
- Unha vez superada a situación, o inquilino **devolverá a cota ou cotas durante un período non superior a tres anos,** sen que poida aplicárselle ningún tipo de penalización nin intereses.

b) Cando o arrendador **NON SEXA UN GRAN PROPIETARIO**

- * O inquilino en situación de vulnerabilidade, poderá **solicitar un aprazamento** no pago da súa renda.
- * O arrendador terá **sete días** para aceptalo, propoñer unha alternativa ou rexeitalo.
- * No caso de que non haxa un acordo:



CONCELLO DE REDONDELA



- O inquilino poderá solicitar un crédito finalista (só para abonar as cotas do aluguer) , que **se pagará directamente ao arrendador**, por importe de **ata seis mensualidades** da renda de aluguer
- O inquilino devolverá o crédito nun **período máximo de dez anos**.
- O crédito **non terá interese**, será concedido polas entidades de crédito e contará co aval do Estado, a través do Instituto de Crédito Oficial

3. AXUDAS DIRECTAS AO ALUGUER DE VIVENDA HABITUAL para persoas que teñan problemas máis permanentes:

- a) Vítimas de **VIOLENCIA DE XÉNERO**
- b) Persoas **SEN FOGAR**.
- c) Persoas **ESPECIALMENTE VULNERABLES**.

- * Establécese unha axuda de **ata 600 euros** ao mes, que pode elevarse en casos xustificadas **ata 900 euros**, sempre **cun límite do 100% da renda do inmovible**.
- * Engádense outros **200 euros** para os gastos de mantemento, comunidade e subministracións básicos, cun límite do 100% dos mesmos.